



ACTA Nº 2019/11
SESIÓN PLENARIA

ACTA Nº 2019/11

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

XOVES 12 DE SETEMBRO DE 2019



ACTA Nº 2019/11

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ

ASISTEN:

BNG
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

PP

JOSÉ DAVID PINTOR PAZO
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL
JOSE EMILIO MAHÍA NEIRA
JESÚS GÓMEZ GARCÍA
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS

AUSENCIAS:

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ

SECRETARIO:

RICARDO GARRIDO CANEDA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 12 DE SEMBRO DE 2019.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia, a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.
- 2.- Aprobación de proxecto de obra "Rehabilitación estrutural do firme de calzada existente en camiños das parroquias de Mezonzo, Vilasantar, Armental e Vilariño".
- 3.- Aprobación definitiva do orzamento xeral do concello de Vilasantar para o exercicio 2019.



1.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.

O Alcalde procede a dar inicio a este punto do día confirmando a existencia e correcta redacción das actas e da a palabras ós diferentes concelleiros da corporación para que poidan usar a súa quenda de palabra co obxecto de indicar o seu parecer sobre as actas que se proponen para aprobación, se procede, neste punto.

O concelleiro don Álvaro Xesús García Freire detecta un posible erro no puto 4 da acta 2019/9, indicando que os apelidos non se atopan na orde correcta.

O portavoz do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, don Jose Antonio Cotos Seoane, fai uso da súa quenda de palabra para manifestar a súa queixa pola non recepción da documentación obxecto de debate neste pleno. O Alcalde e o Secretario lémbrenlle que dita documentación está sempre dispoñible en Secretaría no horario e nas datas indicadas na convocatoria que se lle notificou en forma e prazo. Así mesmo, o secretario indica que a documentación dos plenos, incluídas as actas, son remitidas por medios electrónicos, sendo imposible a realización deste paso se non se notifica e pon en coñecemento deste Concello unha dirección de correo electrónico a tal efecto.

Ante esta queixa do portavoz do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, don Jose Antonio Cotos Seoane, o Alcalde propón pospoñer a aprobación das actas obxecto deste punto da orde do día ata a seguinte sesión co propósito de que se lle puidesen facilitar con carácter previo á celebración da mesma a todos e cada un dos concelleiros e concelleiras que forman parte da corporación.

2.- Aprobación de proxecto de obra "Rehabilitación estrutural do firme de calzada existente en camiños das parroquias de Mezonzo, Vilasantar, Armental e Vilariño".

EXPTE.: 2019/A003/000001.

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Coopreación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2019" publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 188, de 2 de outubro de 2018.

Vista a circular sobre a comunicación da maior achega provincial ó Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal 2019 POS+ 2019 Plan Único de Concellos remitido a este Concello con data 7 de marzo de 2019, na que se lle comunica ó concello de Vilasantar que lle corresponde unha financiación de 170.886,88€.

Vista a circular sobre a comunicación da maior achega provincial ó Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal 2019 POS+ 2019 Plan Único de



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2019/11 SESIÓN PLENARIA

Concellos remitido a este Concello con data 30 de abril de 2019, na que se lle comunica que a financiación correspondente ó concello de Vilasantar aumenta ata un total de 222.152,95€.

Visto que na sesión plenaria celebrada o 13 de xullo de 2019 acórdase aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles dentro do proxecto “Ampliación afirmado e reforzo firme calzada acceso a Brai” cun custe valorado en 84.215,35, financiado coa maior achega provincial á que se refire o parágrafo anterior.

Visto o proxecto de obra “Rehabilitación estrutural do firme de calzada existente en camiños das parroquias de Mezonzo, Vilasantar, Armental e Vilariño”.

Visto o orzamento recollido no referido proxecto o cal se desgrana a continuación

RESUMEN DE PRESUPUESTO DE EJECUCION MATERIAL	
CAPITULO 1. CAMPO DA FEIRA-O VALO(Mezonzo)	10.136,06 €
CAPITULO 2. NÚCLEO VILANOVA - RIO (Mezonzo)	9.033,71 €
CAPITULO 3. O PENEDO-LÍMITE MESÍA (Mezonzo)	11.382,48 €
CAPITULO 4. AGIÓN- PARQUE CINEGÉTICO (Mezonzo)	18.322,67 €
CAPITULO 5. NÚCLEO AGIÓN (Mezonzo)	2.658,00 €
CAPITULO 6. EIRIXE ARMENTAL - TOURAL(Armental)	10.237,89 €
CAPITULO 7. CAMINO EN XAFEITA (Mezonzo)	3.760,06 €
CAPITULO 8. GUXÍN (Vilasantar)	17.186,85 €
CAPITULO 9. AS RAPOSEIRAS (Vilasantar)	4.548,47 €
CAPITULO 10. DIAS (Vilariño)	4.884,25 €
CAPITULO 11.SEGURIDAD Y SALUD	1.603,19 €
CAPITULO 12.GESTIÓN DE RESIDUOS	495,57 €
CAPITULO 13.VARIOS	1.547,46 €
SUMA	95.796,66 €
TOTAL PRESUPUESTO DE EJECUCION MATERIAL	95.796,66 €
13 % GASTOS GENERALES	12.453,57 €
6 % BENEFICIO INDUSTRIAL	5.747,80 €
SUMA	113.998,03 €
TOTAL VALOR ESTIMNADO DE CONTRATO	113.998,03 €
21 % I.V.A.	23.939,59 €
SUMA	137.937,62 €

Visto que o custo da obra recollida no proxecto “Rehabilitación estrutural do firme de calzada existente en camiños das parroquias de Mezonzo, Vilasantar, Armental e Vilariño” se valora nun total de 137.937,62€.

Visto que este custo se financia nun 99’99% a cargo da achega provincial, e nun 0’01% a cargo de fondos propios do concello de Vilasantar tal e como se recolle na seguinte táboa:



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2019/11 SESIÓN PLENARIA

DENOMINACIÓN DA OBRA	CUSTO TOTAL (€)	(%)	ACHEGA PROVINCIAL (€)	(%)	ACHEGA MUNICIPAL (€)	(%)
Rehabilitación estrutural do firme de calzada existente en camiños das parroquias de Mezonzo, Vilasantar, Armental e Vilaríño	137.937,62€	100,00%	137.937,60€	99,99%	0,02€	0,01%
TOTAL	137.937,62€	100,00%	137.937,60€	99,99%	0,02€	0,01%

Visto que existe crédito adecuado e suficiente na partida 453.61900 do orzamento de 2018, prorrogado no ano 2019, e en virtude do exposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba el Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 55 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto que queda constatado no expediente que o investimento non precisa de ningunha autorización.

Visto que queda constatado no expediente que non é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento e polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017.

Visto que queda constatado no expediente que a obra non pode dividirse en lotes que teñan o carácter de investimento completo.

Visto que queda constatado no expediente que non é necesaria a realización dun estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza dos terreos sobre os que se vai executar a obra.

Visto que queda constatado no expediente que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos.

Visto que queda constatado no expediente a memoria económica específica de Alcaldía e informe da Secretaría – Intervención en relación coa memoria segundo se recolle na base 5.B.3.6 das anteriormente citadas Bases Reguladoras publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 188, de 2 de outubro de 2018.

Visto o artigo 22.2.ñ da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no que se establece que a aprobación dos proxectos de obras e servizos será competencia do pleno municipal cando non estén previstos nos orzamentos.

Visto que o referido proxecto de obra non se atopa previsto nos orzamentos en vigor no momento da súa aprobación.

Visto que o portavoz do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, don Jose Antonio Cotos Seoane, pregunta que actuacións son en aglomerado e cales en zorra coa oportuna resposta de Alcaldía en base ó recollido no texto do proxecto obxecto de aprobación.

Visto que o concelleiro don Ávaro Xesús García Freire pregunta pola posibilidade de aglomerar una pista de acceso á vivenda dunha persoa con problemas de mobilidade e a súa



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2019/11
SESIÓN PLENARIA

inclusión no presente proxecto coa oportuna resposta de Alcaldía da toma en consideración da proposta para a súa posible incorporación.

Visto que o portavoz do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, don Jose Antonio Cotoso Seoane explica que segundo a súa opinión, se debería tentar abarcar a una cantidade maior de beneficiarios polas obras a través de proxectos que teñen o seu ámbito de actuación en vías cun carácter e uso máis xeralizado polo común dos vecinos e veciñas.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o proxecto de obra “Rehabilitación estrutural do firme de calzada existente en camiños das parroquias de Mezonzo, Vilasantar, Armental e Vilariño” cun orzamento de execución material de 95.796,66, ó que hai que lle engadir o 13% de gastos xerais e o 6% de beneficio industrial resultando un valor estimado de 113.998,03€. A esta cantidade correspóndelle un I.V.E. do 21% (23.939,59€, sumando un total de 137.937,62€ (O.B.L. con I.V.E.).

Segundo: Solicitar a inclusión no POS+ ADICIONAL 1/2019 do investimento ó que fai referencia o proxecto de obra “Rehabilitación estrutural do firme de calzada existente en camiños das parroquias de Mezonzo, Vilasantar, Armental e Vilariño” co seguinte cuadro de financiamento:

DENOMINACIÓN DA OBRA	CUSTO TOTAL (€)	(%)	ACHEGA PROVINCIAL (€)	(%)	ACHEGA MUNICIPAL (€)	(%)
Rehabilitación estrutural do firme de calzada existente en camiños das parroquias de Mezonzo, Vilasantar, Armental e Vilariño	137.937,62€	100,00%	137.937,60€	99,99%	0,02€	0,01%
TOTAL	137.937,62€	100,00%	137.937,60€	99,99%	0,02€	0,01%

Terceiro: Reservar crédito por valor de 137.937.62€ na partida 453,61900 do orzamento de 2018, prorrogado no ano 2019.

Cuarto. Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

3.- Aprobación definitiva do orzamento xeral do concello de Vilasantar para o exercicio 2019.

EXPTE.: 2019/T004/000001

Vista a aprobación inicial dos documentos obrantes no expediente relativo ó orzamento xeral do concello de Vilasantar para o exercicio económico 2019 na sesión extraordinaria do pleno deste Concello celebrada o día 11 de xullo de 2019, comprensivo de orzamento xeral, cadro de



persoal, bases de execución orzamentaria e demais documentos intregantes do mesmo, segundo establece o artigo 68 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que en cumprimento do disposto no artigo 169 do referido texto refundido expónse ó público o orzamento aprobado inicialmente durante o prazo de 15 días hábiles, con data de inicio de cómputo deste prazo 18 de xullo de 2019, momento no que se publica no BOP da Provincia da Coruña anuncio ó efecto.

Visto o réxime de alegacións ós orzamentos aprobados inicialmente regulado no artigo 170 do referido texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Visto que dona Lourdes García Sánchez, con DNI 46904821-R, traballadora deste Concello, presenta alegacións á aprobación inicial do orzamento xeral do concello de Vilasantar en data 19 de xullo de 2019, con n.º de rexistro de entrada 201900000000801.

Visto que dona Trinidad Veiras Freire, con DNI 53166451-L, traballadora deste Concello, presenta alegacións á aprobación inicial do orzamento xeral do concello de Vilasantar en data 19 de xullo de 2019, con n.º de rexistro de entrada 201900000000800.

Visto informe da secretaría intervención do concello de Vilasantar, redactado e asinado por don Afonso Bieito Lorenzo Penela, onde se informa desfavorablemente ás alegacións presentadas polas dúas traballadoras deste Concello.

Visto que a obrigação de resolver as alegacións presentadas pode darse por cumprida co presente acordo e que, como consecuencia, pódese proceder á aprobación definitiva do expediente relativo ó orzamento xeral do concello de Vilasantar para o exercicio 2019 nos termos recollidos no artigo 169 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que os concelleiros do Bloque Nacionalista Galego anuncian a súa abstención en liña co votado no momento da aprobación inicial deste orzamentos.

Visto que os concelleiros do Bloque Nacionalista Galego manifestan a excepcionalidade e anormalidade da aprobación dun orzamento para o ano en cruso en pleno mes de setembro.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda con seis votos a favor (grupo político do Partido Popular) e dous en contra (grupo político do Bloque Nacionalista Galego, agás a concelleira Marta García Sánchez, por ausencia á sesión plenaria) :

Primeiro: Resolver a reclamación presentada por dona Lourdes García Sánchez, con DNI 46904821-R, en sentido desfavorable según o criterio recollido no informe da secretaría intervención do concello de Vilasantar, redactado e asinado por don Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Segundo: Resolver a reclamación presentada por dona Trinidad Veiras Freire, con DNI 53166451-L, en sentido desfavorable según o criterio recollido no informe da secretaría intervención do concello de Vilasantar, redactado e asinado por don Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Terceiro: Aprobar definitivamente o expediente relativo ó orzamento xeral do concello de Vilasantar para o exercicio 2019.



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2019/11
SESIÓN PLENARIA

Cuarto: Resumir por capítulos cada un dos orzamentos que integran o expediente de referencia e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, momento no cal entrará en vigor.

Quinto: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente e se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ós efectos de información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Ás 14:00 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, xoves 12 de setembro de 2019

O secretario, Ricardo Garrido Caneda

Visto e prace, O alcalde, Fernando Pérez Fernández